

Dende a Concellería de Promoción Económica do Concello de Pontevedra estase a desenvolver o Proxecto ILES IV, enmarcado na Convocatoria de axudas do Fondo Social Europeo previstas no eixe de Programa Operativo "Adaptabilidade e Emprego".

O Obxectivo Xeral de ILES IV é fomentar a inserción laboral das persoas desempregadas a través de Itinerarios Personalizados de capacitación profesional e práctica laboral. ILES IV facilita as persoas participantes unha alternativa de formación e práctica laboral para a súa incorporación no mercado de traballo no Sector Servizos de Atención a Persoas.

As accións que vanse desenvolver son as seguintes:

- Dietetica e nutrición (340 h. Teórico-Prácticas)
- Tecnico de ocio tempo libre para maiores: especialidade turismo (340 h. Teórico-Prácticas)
- Auxiliar de xeriatría (340 h. Teórico-Prácticas)
- Atención comedores escolares (340 h. Teórico-Prácticas)
- Atención especializada enfermos alzheimer (340 h. Teórico-Prácticas)
- Auxiliar de cocifa e catering para persoas en risco de exclusion social (340 h. Teórico-Prácticas)
- Atencion a personas en risco: camarera de pisos (340 h. Teórico-Prácticas)
- Viverista (390 h. Teórico-Prácticas)

O prazo de solicitudes para os cursos a desenvolver no ano 2009 finaliza o día 31 de agosto de 2009. A documentación que deberán aportar e: Fotocopia do DNI/NIE, Fotocopia Tarxeta de demandante de emprego, Vida laboral actualizada, Certificado de minusvalía (si e o caso), Informe acreditativo de pertenza a colectivos con especiais dificultades e Curriculum vitae

As persoas interesadas en participar o coñecer o proxecto, poden obter mais información na sede do Proxecto ILES IV sito no Centro de Formación do Concello de Pontevedra, ubicado na Avda das Camelias – Urb. Pontemuiños – Lourizan – Pontevedra (Tfno.: 986-84.16.06, Fax: 986-84.13.75 e no e-mail: iles_administración@concellopontevetra.es) e na paxina web www.proxectoiles.es.

Sen mais, esperando contar coa súa colaboración na difusión desta información, reciban un cordial saúdo.

Pontevedra, 12 de agosto do 2009
O Director do Proxecto ILES IV

Francisco J. López Sieiro

